



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 3 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se outorga a Repsol Butano SA a autorización administrativa e se aproba o proxecto de execución para a distribución de gas propano canalizado no termo municipal do Corgo, na provincia de Lugo (expediente IN627A 2011/8-0)

Despois de examinar o expediente instruído a instancias da empresa Repsol Butano SA, con CIF n.º A28076420 e enderezo para os efectos de notificacións na rúa Enrique Mariñas Romero, 36, 2.º andar, 15009 - A Coruña, resultan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 23/11/2012 a empresa Repsol Butano SA solicitou a autorización administrativa para a distribución de gas propano canalizado no Polígono Industrial do Corgo (Lugo), acompañada do preceptivo proxecto.

De acordo con este proxecto, a infraestrutura gasista componse de estación de almacenamento de GLP e rede de distribución de GLP:

- A estación de GLP instalarase na parcela n.º 38, situada ao suroeste do polígono e con acceso rodado dende a rotonda, que conta cunha superficie de 1.258 m² e dos que se utilizarán 853,90 m² para a estación. A estación está composta por un depósito de superficie (aéreo) cunha capacidade de 49,5 m³.

- A rede de distribución deseñarase para media presión B (0,4 bar < P < 4 bar), estará formada por tubaxe de polietileno PE 80, SDR 11 e en diámetro de 90 mm, e terá unha lonxitude de 1.378 m.

O orzamento desta infraestrutura gasista ascende á cantidade de sesenta mil cento sesenta e un euros (60.161,00.-€).

Segundo.- Ante esta solicitude, o 30/12/2011 esta dirección xeral resolveu iniciar o trámite de competencia para o outorgamento da dita autorización administrativa, para os efectos previstos no artigo 5 do Decreto 62/2010, do 15 de abril. Esta resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 25/01/2012 e durante o prazo establecido (30 días) non se presentaron outras solicitudes en concurrencia. En consecuencia, procede continuar co procedemento de outorgamento de autorización administrativa solicitada pola empresa Repsol Butano SA.

Terceiro.- O 20/01/2012 a empresa Repsol Butano SA completou a súa solicitude inicial, de autorización administrativa, coa solicitude de aprobación do proxecto de execución.

Cuarto.- O 30/03/2012 esta dirección xeral resolveu someter a información pública a devandita solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución para a distribución de gas propano canalizado no Polígono Industrial do Corgo (Lugo). Esta resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 11/07/2012, no *Boletín Oficial da Provincia* do 02/07/2012 e nos xornais *La Voz de Galicia* do 15/06/2012 e *El Progreso* do 13/06/2012, e tamén estivo exposta no taboleiro de anuncios do Concello do Corgo durante un prazo de vinte días (do 13/04/2012 ao 07/05/2012).

Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.

Quinto.- O 15/12/2011 a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria (en adiante, xefatura territorial) emitiu informe favorable sobre o devandito proxecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas é a competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de industria, enerxía e minas; no Decreto 132/1982, do 4 de novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio; no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; e no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria; en relación coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; co Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural; co Decreto 62/2010, do 15 de abril, polo que se regula o trámite de competencia e os criterios de valoración no suposto de concurrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de gases licuados do petróleo (GLP); coa Orde da Consellería de Industria e Comercio do 30/11/1999 sobre a tramitación de autorizacións administrativas das canalizacións de gas; e coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- O citado proxecto cumpre coas esixencias regulamentarias fixadas no Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.

Terceiro.- No expediente instruído para o efecto cúmplense os trámites regulamentarios.

De conformidade cos preceptos legais citados e cos demais de pertinente e xeral aplicación, esta dirección xeral

RESOLVE

- Outorgar á empresa Repsol Butano SA a autorización administrativa e aprobar o proxecto de execución para a distribución de gas propano canalizado no Polígono Industrial do Corgo (Lugo), con suxeición ás seguintes condicións:

Primeira.- A empresa Repsol Butano SA constituirá no prazo de dous meses, a contar dende o momento do outorgamento da autorización, unha fianza por valor de 1.203,22 € (2% do orzamento das instalacións) para garantir o cumprimento das súas obrigas, conforme ao previsto no artigo 46 bis, apartado 5.º, da Lei 34/1998, do 7 de outubro. A dita fianza constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre o réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias, e será devolta unha vez se formalice a acta de posta en marcha das instalacións.

Segunda.- As instalacións e as súas montaxes deberán cumprir as disposicións e normas técnicas que en xeral sexan de aplicación e, en particular, as correspondentes ao Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos coas súas instrucións técnicas complementarias e as normas que os cumprimentan, regulamentos electrotécnicos, normas UNE e demais normativa e directrices vixentes, así como cantas as substitúan ou se diten a nivel estatal ou desta Comunidade, e deberán preverse para responder aos avances tecnolóxicos no eido do gas e lograr abastecementos flexibles e seguros.

Terceira.- O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Cuarta.- A autorización administrativa afecta ao Polígono Industrial do Corgo (Lugo) e as instalacións que se aproban realizaranse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto presentado pola empresa promotora, suscrito polo enxeñeiro técnico industrial Nicanor Piñeiro Sampedro (colexiado n.º 83) e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo, con n.º 3225/07 e data 04/02/2009.

Quinta.- Unha vez construídas as instalacións autorizadas, Repsol Butano SA deberá presentar a solicitude de posta en marcha ante a xefatura territorial, quen deberá estendela, previas as comprobacións técnicas que considere oportunas. Previamente ao levantamento da acta de posta en marcha, a xefatura territorial solicitará á empresa distribuidora os ensaios e probas oportunas, así como o certificado de dirección e remate de obra, asinado por técnico competente, no que conste que a construción e montaxe das instalacións se efectuaron de acordo co proxecto correspondente, acreditando así mesmo, expresamente, o cumprimento das condicións técnicas e prescricións regulamentarias de aplicación.

Sexta.- Repsol Butano SA deberá iniciar a subministración de gas no prazo dun mes contado a partir da data na que a xefatura territorial formalice a acta de posta en marcha.

Sétima.- A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións ou licencias de competencia doutros organismos ou entidades públicas, necesarios para realizar as instalacións aprobadas.

Oitava.- A Administración resérvase o dereito a deixar sen efecto a presente autorización por calquera das causas sinaladas no artigo 34.1 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo; por incumprimento das condicións estipuladas; pola facilitación de datos inexactos; ou por calquera outra causa legal ou regulamentaria que así o prevea.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interporse, de ser o caso, recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa notificación.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2012.- O director xeral de Industria, Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces

R. 4317

Anuncio

Resolución do 8 de outubro de 2012 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no Concello de Viveiro. (Nº expte:IN407A 2012/56-2-8025-AT)

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: R/ CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002 LUGO
- Denominación: DESMONTAXE CTC 07338 CARROCERÍAS
- Situación: CONCELLO DE VIVEIRO
- Características Técnicas:

- Eliminación da LMT aérea derivación ao CTC 07338 Carrocerías e da caseta do CT.
- CT e seccionamento de compañía en edificio prefabricado existente, no cal se instala a máquina transformadora do actual CTC 07338 Carrocerías de 250 kvas, dúas celdas de liña, unha celda de protección e unha de interruptor automático e un cadro de baixa tensión formado por catro saídas.
- Adecuación das RBTs, con orixe no cadro de baixa tensión proxectado no CTC e final nos circuitos de baixa tensión existentes.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial **resolve:**

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 8 de outubro de 2012.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 4318

Anuncio

Resolución do 3 de outubro de 2012 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no Concello de Lugo. (Expediente IN407A 2012/34-2-8003-AT)

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: R/ CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002 LUGO
- Denominación: NOVAS SAÍDAS ST LAMAS DE PRADO, LMTS ABELLA 1 E LMTS ABELLA 2 E O SEU ANEXO
- Situación: CONCELLO DE LUGO
- Características Técnicas:

- LMTs Abella 1 e Abella 2 a 20 kv en canalización proxectada, con orixe en dúas celdas da ST Lamas de Prado e final en dous empalmes ubicados nunha arqueta proxectada no linde da ST Lamas de Prado, cada unha das liñas ten unha lonxitude de 114 metros de conductor tipo RHZ1 12/20 Kv 20L (S) 1x240 Al +H16.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 3 de outubro de 2012.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 4319

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE FORMACIÓN

Anuncio

CORRECCIÓN ERROS COMO CONSECUCENCIA DAS MODIFICACIÓNS NO APARTADO DESTINATARIOS DA ACCIÓN FORMATIVA DO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN

Corrección error material no anuncio publicado no BOP nº 244 de data martes 23 de outubro de 2012 relativo a: CONVOCATORIA DE CURSOS DO PLAN AGRUPADO DE FORMACION CONTINUA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2012.

A) Na páxina nº 2 do BOP

Código A.F. **01.06.01.12**

Denominación: **XESTIÓN ORZAMENTARIA, ENDEBEDAMENTO E ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO ÁMBITO LOCAL**

No apartado **DESTINATARIOS** da páxina 3

Corríxase na forma seguinte:

Onde di:

Destinatarios: Persoal do corpo da policía local da provincia de Lugo.

Debe dicir:

Destinatarios: Secretarios-interventores, funcionarios e persoal ó servizo da Administración local da provincia de Lugo que desempeñen postos de traballo relacionados coa materia do curso

Lugo, 23 de outubro de 2012.- O Presidente: José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario: José Antonio Mourelle Cillero

R.4358

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

De acordo coa resolución da Alcaldía do día 19 de outubro de 2012, por medio deste anuncio realízase a convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, para a adxudicación do contrato da subministración do "Equipamento de mobiliario de Centro de día- Residencia en San Cibrao, Concello de Cervo (Lugo)", conforme os seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora. Datos xerais e datos para a obtención da información:
 - a) Organismo: Excmo. Concello de Cervo (Lugo).
 - b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
 - c) Obtención de documentación e información:
 1. Enderezo: Praza do Concello s/n
 2. Localidade e código postal: 27891- Cervo
 3. Teléfono: 982557777
 4. Telefax:982557729
 5. Enderezo da internet do perfil do contratante:www.concellodecervo.com
 6. Data límite de obtención de documentación e información: Ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
 2. Obxecto do contrato:
 - a) Tipo: Subministro
 - b) Descrición: Subministración do mobiliario do Centro de día- Residencia en San Cibrao.
 - c) Prazo de execución/entrega:Antes do 14 de decembro de 2012
 - d) CPV: 39100000-3, 03121100-6 e 39190000-0
 3. Tramitación e procedemento:
 - a) Tramitación: Urxente
 - b) Procedemento: Aberto, varios criterios de adxudicación.
 - d) Criterios de adxudicación: (Ver cláusula novena do prego)
 - I.Melloras (Ata 50 puntos)
 - II.Prazo de garantía (Ata 20 puntos)
 - III.Prazo de substitución ou reparación de mobiliario que presente anomalías dentro do prazo de garantía (Ata 20 puntos).
 - IV.Redución de prazo (Ata 5 puntos).
 - V.Redución de prezo (Ata 5 puntos).
 4. Valor estimado do contrato: 88.400,00 euros.
 5. Orzamento base de licitación: 106.964,00 euros (88.400,00 euros + 18.564,00 euros de IVE).
 6. Garantías esixidas.
 - a) Definitiva: 5% importe de adxudicación, IVE excluído.
 7. Requisitos específicos do contratista:
 - a) Outros requisitos : Os esixidos na cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas.
 8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:
 - a) Prazo : Oito días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BOP de Lugo e no perfil do contratante.
 - b) Lugar de presentación:
 1. Dependencia: Rexistro xeral de entrada
 2. Enderezo: Praza do Concello s/n
 3. Localidade e código postal: 27891- Cervo
 - c) Apertura de ofertas: A que se comunique previa publicidade aos licitadores nos termos do prego de cláusulas administrativas.
 9. Gastos de publicidade: Serán asumidos polo adxudicatario da licitación.
- Cervo, 19 de outubro de 2012.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 4359

O INCIO

Anuncio

El Pleno Corporativo Municipal en sesión ordinaria de fecha 11/10/2012, aprobó provisionalmente la modificación de las ordenanzas fiscales siguientes:

- Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por suministro de agua.
- Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por recogida de basuras.

De conformidad con lo establecido en el art. 17.1 y 2 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se abre un trámite de información pública, por plazo de treinta días, a contar desde el siguiente al de publicación

del presente edicto en el BOP, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente en la Secretaría municipal y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

En el caso de que no se presenten reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional.

O Incio, 18 de octubre de 2012.- LA ALCALDESA, Laura Celeiro García

R. 4343

LUGO

Anuncio

Ante a imposibilidade de notificar a don Casiano Rodríguez López no último domicilio coñecido, na rúa Zamora, 67-4º A - 36203 Vigo (Pontevedra), a resolución ditada a través do Decreto da Alcaldía número 12007982, de 4 de setembro de 2012, relativa á "Orde de execución de obras de limpeza e roza do soar existente na parte posterior do inmovible número 8 da rúa da Raíña", faise pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme ó previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cuxa parte dispositiva do mesmo é do seguinte teor literal:

"PRIMEIRO.- Incoar un expediente de orde de execución de obras de obrigado cumprimento pola vía dos artigos 199 e 9 da LOUGA, ós efectos de dar cumprimento ás obras sinaladas no informe técnico emitido polo Servizo de Arquitectura Municipal de 20 de setembro de 2012, en concreto, as obras de limpeza, roza e retirada dos residuos existentes en orden a xestión da biomasa vexetal conforme o establecido no artigo 2.14 da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais, do soar existente na parte posterior do inmovible número 8 da rúa da Raíña, concedendo a don Casiano Rodríguez López co DNI número 33.598.189-L e domicilio na rúa Zamora, 67-4º A de Vigo, propietario do referido soar, trámite de audiencia, polo **prazo de 15 días**, para que durante o mesmo poida formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes en virtude do previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO.- Ordenar á don Casiano Rodríguez López co DNI número 33.598.189-L e domicilio na rúa Zamora, 67-4º A de Vigo, propietario do soar existente na parte posterior do inmovible número 8 da rúa da Raíña, para que unha vez transcorrido o trámite de audiencia concedido, proceda pola vía dos artigos 9 e 199 da LOUGA, a executar as seguintes obras sinaladas no informe técnico emitido polo Servizo de Arquitectura Municipal con data do 20 de setembro de 2012, anteriormente transcrito e que se da por reproducido a efectos da motivación da presente resolución, no **prazo máximo de 15 días**, en concreto, as seguintes:

- Limpeza, roza e retirada dos residuos existentes en orden a xestión da biomasa vexetal conforme o establecido no artigo 2.14 da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais.

Advertíndolle que, no caso de incumprimento deste requirimento, o Concello procederá a súa execución forzosa mediante o procedemento de execución subsidiaria con cargo ós obrigados (artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), ou a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas (artigo 203.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro).

TERCEIRO.- Ordenar ó servizo da Policía Local a correspondente visita de inspección, unha vez transcorrido o prazo concedido para a execución das obras ordenadas.

CUARTO.- Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa no caso de que non se formulasen alegacións durante o trámite de audiencia e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de **un mes**, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), de Lugo."

Para que conste e lle sirva de notificación ó citado interesado en cumprimento do disposto no artigo 59.4 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino este anuncio.

Lugo, 16 de outubro de 2012.- O Alcalde, P.D. O Tenente Alcalde Delegado da Area de Urbanismo (Decreto Alcaldía número 70/2011) Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 4320

Anuncio

Ante a imposibilidade de notificar a dona Nicasia Rodríguez Fuente, no último domicilio coñecido na rúa Rodrigo A. de Santiago, 62, esca. 1, 2º-1, C.P. 15010 A Coruña, a resolución ditada a través do Decreto da Alcaldía número 12008111, de 27 de setembro de 2012, relativa á "Orde de execución de obras de limpeza, roza e cerrume do soar colindante co número 44 da rúa Serra de Meira de Lugo", faise pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme ó previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cuxa parte dispositiva do mesmo é do seguinte teor literal:

"PRIMEIRO.- Incoar un expediente de orde de execución de obras de limpeza, roza e cerrume do soar colindante co número 44 da Rúa Serra de Meira de Lugo, de obrigado cumprimento pola vía dos artigos 199 e 9 da LOUGA, ós efectos de dar cumprimento as obras sinaladas no informe técnico emitido polo Servizo de Arquitectura municipal de data 8 de xullo de 2012, en concreto, as obras de limpeza, roza e desbroce e retirada dos residuos existentes en orden a xestión da biomasa vexetal conforme o establecido no artigo 2.14 da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, do soar colindante co número 44 da Rúa Serra de Meira de Lugo, concedendo a Doña Nicasia Rodríguez Fuente con D.N.I. nº: 33.657058P e domicilio en Rúa Rodrigo A de Santiago nº 62, C.P. 15010, a Coruña, propietaria do referido soar, concedendo trámite de audiencia, polo **prazo de 10 días**, para que durante o mesmo poida formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes en virtude do previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO.- Ordenar á propiedade do soar do soar colindante co número 44 da Rúa Serra de Meira de Lugo, Doña Nicasia Rodríguez Fuente con D.N.I. nº: 33.657058P e domicilio en Rúa Rodrigo A de Santiago nº 62, C.P. 15010, a Coruña, para que unha vez transcorrido o trámite de audiencia concedido, proceda pola vía dos artigos 9 e 199 da LOUGA, a executar as seguintes actuacións e nos prazos indicados, sinaladas no informe técnico emitido polo Servizo de Arquitectura Municipal de 8 de xullo de 2012, anteriormente transcrito, e que se da por reproducido a efectos da motivación da presente resolución, en concreto, as seguintes:

- **Limpeza do solar deixandoo en condicións de hixiene, salubridade e ornato**, conforme o disposto no artigo 302 da Ordenanza Municipal de Protección Ambiental, **no prazo de 15 días**.

- **Cerrume do soar**, dacordo co disposto no artigo 302 da Ordenanza de Protección Medioambiental e conforme ás condicións establecidas no apartado 421.t do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, **no prazo sinalado na licenza que os efectos deberá solicitar, no prazo de quince días**.

Advertíndolle que, no caso de incumprimento deste requirimento, o Concello procederá a súa execución forzosa mediante o procedemento de execución subsidiaria con cargo ós obrigados (artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), ou a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograla execución das obras ordenadas (artigo 199.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo).

TERCEIRO.- Ordenar a correspondente visita de inspección, unha vez transcorrido o prazo concedido para a execución do ordenado.

CUARTO.- Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa no caso de que non se formularan alegacións durante o trámite de audiencia concedido e que contra ela pode interpoñer-se os seguintes recursos:

- **Recurso de Reposición**, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que dictou o acordo no prazo de UN MES (Disposición transitoria segunda, en relación cos artigos 107, 116 e 117 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

O recurso interposto entenderáse desestimado por silencio administrativo, se non houberse resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación da resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñer-se recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

- **Recurso Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo redacción dada pla

disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

- Calquera outro recurso que estime conveniente ó seu dereito.”

Para que conste e lle sirva de notificación ó citado interesado en cumprimento do disposto no artigo 59.4 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino este anuncio.

Lugo, 17 de outubro de 2012.- O Alcalde, P.D. O Tenente Alcalde Delegado da Area de Urbanismo (Decreto Alcaldía número 70/2011), Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 4321

Anuncio

Faise pública a notificación da iniciación do **procedemento sancionador número 6/11 contra RICARDO LAGO, SI**, pola realización de obras sen licenza municipal na parcela 92 do polígono 420 en San Vicente de Pedreda, como consecuencia de que, intentada dita notificación non se puido practicar. E isto de conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 12, do 14/01/99).

No acordo de iniciación concédeselle ó interesado un prazo de **quinze días** para aportar cantas alegacións, documentos ou informacións estimen convenientes e, no seu caso, propoñer proba concretando os medios de que pretendan valerse. Mesmo poden recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 8 do Regulamento do Procedemento Sancionador.

Posto que, neste expediente existen datos que poden lesionar dereitos ou intereses lexítimos dos interesados, esta publicación limitase a unha breve indicación do acto, emprazando ós interesados no Servizo de Urbanismo, Negociado de Disciplina Urbanística, para que poidan coñecer o contido integro do acto notificado no prazo de OITO DÍAS; de conformidade co establecido no artigo 61 da Lei 30/1992. Significando que o prazo de quince días para formular alegacións, comezará a contar dende o remate do prazo de oito días ou dende a data da comparecencia que se efectúe nas dependencias do Servizo de Urbanismo.

Significando que esta resolución non pon fin á vía administrativa, e por tratarse dun acto de mero trámite, contra ela non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime procedente.

Lugo, 15 de outubro de 2012.- O ALCALDE P.D.: O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA AREA DE URBANISMO (Decreto da Alcaldía nº 60/2011) Luís Manuel Álvarez Martínez.

R. 4322

Anuncio

IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (PLUSVALÍAS) NOTIFICACIÓN DE CITACIÓNS POR COMPARECENCIA

Relación de Pasivos ou Responsables Tributarios aos que foi imposible practicar Notificación unha vez intentada por dúas veces nos seus últimos domicilios coñecidos e que son emprazados polo presente anuncio co obxecto de que comparezan ante a Inspección Municipal de Facenda, nos seus locais sitos en Lugo, Rolda dá Muralla 197, segundo andar, no prazo de DEZ DÍAS QUE COMEZARÁN A Partir DO DÉCIMO DÍA CONTADO DESDE O SEGUINTE Ao DA súa PUBLICACIÓN, aportando a seguinte documentación:

Para transmisións entre vivos: Copia e orixinal da escritura de transmisión da propiedade.

Para transmisións por causa de morte: Copia e orixinal dos títulos de propiedade do finado (escrituras dos bens inmoables de carácter urbano de Lugo, que forman parte da herdanza). Testamento ou partición hereditaria se a tivese. Copia da declaración do Imposto de Sucesións presentado na Administración Autonómica.

EXP. NUM.	CONCEPTO	DNI./NI.	INTERESADO	ENDEREZO
0127 / 2012	COMPRAVENTA	033329681J	JOSE MANUEL BUSTO PARDO	RUA CAMIÑO REAL (DO), 98 ESC ZZ P02 LUGO (27004 - LUGO)
0138 / 2012	HERENCIA	033332815L	CARLOS GARCIA RODRIGUEZ	CZADA PONTE (DA), 44 P04 G LUGO (27004 - LUGO)
0146 / 2012	HERENCIA	033345978A	CARMEN ARIAS PARDO	ESTDA SANTIAGO (ESTRADA VELLA DE), 329 ESC ZZ PBJ LUGO (27004 - LUGO)
0157 / 2012	HERENCIA	033852613V	MARIA LUZ GONZALEZ DARRIBA	CALLE ARTE RUPRESTRE DEL MEDITERRANEO,2 P04 A MADRID (- MADRID)

0186 / 2012	HERENCIA	033328860C	CRISTINA RODRIGUEZ ROCHA	CMÑO CAMIÑO DE ROMAI, 7 PBJ A LUGO (27003 - LUGO)
0205 / 2012	HERENCIA	033756185M	EMILIA ROMERO YAÑEZ	RUA XIMENEZ DE ENCISO, 35 ESC 02 P01 H SEVILLA (41004 - SEVILLA)
0214 / 2012	HERENCIA	034284756J	OLGA FERNANDEZ SANCHEZ	CALLE SAN BATOLOME, 2 P01 B MALAGA (29013 - MALAGA)
0243 / 2012	HERENCIA	033316555C	VICTOR MANUEL GOMEZ GARCIA	CALLE JUPITER, 4 P02 D OURENSE (32001 - OURENSE)

Co presente anuncio finaliza o trámite de audiencia sen que a incomparecencia do interesado ou do seu representante ante a Inspección Tributaria impidan a incoación das actas conforme á situación do interesado inmediatamente anterior á iniciación das actuacións inspectoras, segundo o art. 87.5 do Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral dos Procedementos de Xestión e Inspección Tributaria.

Así mesmo notifícase que finalizados os prazos de Trámite de Audiencia e ó non haberse acudido os interesados ou os seus representantes debidamente acreditados nestes expedientes de comprobación e investigación abertos, procederase á incoación das correspondentes Actas de Desconformidade e teranse por notificados nas demais actuacións e dilixencias do devandito procedemento, conforme ó Artigo 112.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

No entanto, manterase o dereito que lles asiste a comparecer en calquera momento do procedemento, facéndose constar que quedan interrompidos os prazos de prescrición de acordo co art. 68 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, oito de outubro de 2012.- El Inspector Jefe, Francisco Rivera Iglesias. Vº Bº) De la Ilma. Sra. TENIENTE DE ALCALDE DELEGADA DEL ÁREA DE ECONOMÍA, Sonía Méndez García

R. 4323

Anuncio

En relación co recurso nº 264/2012 -en trámite no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo- interposto por don José Antonio Incógnito López contra Decreto da Alcaldía 12004154, de 21 de maio de 2012, polo que se executa a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 928/08, que anula a resolución de 12 de abril de 2006 da Dirección Xeral da Policía Local e Seguridade, pola que accederon á Unidade Atestados, os axentes don Eulogio Gay Castro, don Andrés Fernández Pernas, don Ricardo García Ares, don José A. Martínez Castro e don Javier Pereira Núñez, e téndose acordado a remisión do expediente ó citado Xulgado; de conformidade co artigo 49.1.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, emplázase ós interesados para que teñan coñecemento de dito recurso e, no seu caso, poidan comparecer e persoarse como demandados en autos no prazo de NOVE DIAS.

Lugo, 15 de outubro de 2012.- O ALCALDE, José Clemente López Orozco

R.4324

Anuncio

DECRETO NÚMERO 12008596

Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde- Presidente do Excmo. Concello de Lugo.
Lugo, once de outubro de dous mil doce.

De conformidade co previsto na Base Duodécima das Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas polo acordo nº 17/574 da Xunta de Goberno Local, de data do 18-6-2008, e ó terse rematado o prazo de presentación de instancias do procedemento selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de Arquitecto/a; esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local, do 27 de xuño do 2011, en relación cos Decretos nºs. 60/2011 e 70/2011 do Libro de Resolucións da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística, do 23 de xuño e 18 de xullo, respectivamente, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aproba-la lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto 12001080, de data do dezasete de febreiro de dous mil doce obrante no Libro de Resolucións e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 052, do 3 de marzo de 2012 e correspondente as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Lugo para o ano 2008, en quenda libre, que de seguido se indican:

ADMITIDOS

ALONSO MARTÍNEZ, CAROLINA	09418674-J
ARIAS CARRIBA, MÓNICA	30649602-D
ARIAS GONZÁLEZ, MARÍA	32705344-B
BARBEITO VENTOS, SANTIAGO	46912761-Y
CÁMARA ALARCÓN, ANTONIO	77322474-Q
CASAL VÁZQUEZ, PAULA MARÍA	36136004-Z
CASTRO LEÓN, SUSANA MARÍA	46902569-A
CASTRO NOVÁIS, EMMA	33298928-B
CERREDA ÁLVAREZ, MARTIN	44829524-V
CORTÓN MUINELO, MANUEL	33847696-E
COTOYA DÍAZ, VANESA	33539644-D
DÍAZ RIVERA, ANA MARÍA	76576581-J
DOMINGUEZ DE DIEGO, JAVIER	44462788-Q
DOMINGUEZ DE DIEGO, MARCOS	44459457-C
FAYA MARTÍNEZ, FERNANDO	32814267-Y
FERNÁNDEZ LÓPEZ, GONZALO JAIME	33831680-Z
FERNÁNDEZ LORENZO, MARÍA TERESA	77597050-H
FERNÁNDEZ PERNÁS, MARÍA	33347460-J
FIGUEROA NÚÑEZ, BEATRIZ	36153240-T
GARCÍA GARCÍA, CONCEPCIÓN	44429044-J
GARCÍA MALLO, MÓNICA	36146863-V
GATO GARCÍA, TOMÁS	33339665-S
GÓMEZ FERNÁNDEZ, MARTA	46919936-M
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, ALMUDENA	53166987-A
GONZÁLEZ GARCÍA, M ^a JOSÉ	76622848-G
GONZÁLEZ OCAMPO, ROCIO	76909597-N
HERMIDA RODRÍGUEZ, MANUEL	76710169-V
LABRADOR GARCÍA, MARÍA	44813357-L
LAGE ARIAS, BERNARDO	46916668-A
LEMO LAMAS, SONIA	76932124-E
LLAMAZARES GARCÍA, MARÍA	71764703-B
LÓPEZ FERNÁNDEZ, MARÍA ELENA	32680725-W
LÓPEZ GONZÁLEZ, JUAN JOSÉ	34255200-N
LÓPEZ LUACES, NATALIA	33323865-Q
LÓPEZ PRADA, MARÍA JOSÉ	33313467-Z
MARTÍNEZ DEIROS, SONIA	33333960-Z
MARTÍNEZ VIDAL, PAULA	36143765-R
MELERO LORENZO, MARÍA	33540628-G
MOAR DOPICO, MARÍA	47367083-D
MUNDIÑA BASANTA, JAVIER	33321231-G
OTERO JAMARDO, YOLANDA	34266238-X
PARDO BARRO, ROBERTO	32829509-E
PENEDO SOUTO, SUSANA	34893939-H
PÉREZ GONZÁLEZ, MARÍA JOSÉ	33339662-N
PÉREZ IGLESIAS, JAVIER	33334067-Y
PÉREZ VÁZQUEZ, AGUSTÍN	36082417-V
RABADÁN CLIMENT, MARÍA CARMEN	76895531-E
REIMÚNDEZ GONZÁLEZ, MIGUEL ÁNGEL	33284190-Q
RODRÍGUEZ FABELLO, ANTONIO	34968061-B
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, PABLO	33339688-S
RODRÍGUEZ LABRADOR, EVA ISABEL	34275306-Q
RODRÍGUEZ NOVO, MARTA	33329241-X
RODRÍGUEZ VARELA, RÁFAEL	34966828-C
RUIZ ALARCÓN, CARMEN	76620154-R
SANTOS FERRERA, LAURA	71514969-B
SILVA LÓPEZ, M ^a JESÚS	32782063-W
VARELA FERNÁNDEZ, RICARDO	33297891-D
VARELA NUÑEL, MANUELA	32840361-H
VARELA PÉREZ, MANUEL	34257972-R
VELASCO MORA, BEATRIZ TERESA	44482708-H

EXCLUIDOS

- Por non presentar a fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

CARBALLO SOLLA, ROGELIO 35321206-Z
RODRÍGUEZ FRANCISCO, MARTA 33337291-X

- Por presentar a fotocopia da titulación esixida sen compulsar:

PÉREZ NÚÑEZ, ANA MARÍA 34262144-X
SARCEDA MENDO, JARA 33537295-Y

Segundo.- Sinalar un prazo para enmendas de dez días hábiles (de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro), contados a partir do seguinte á publicación do correspondente Anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

R. 4344

Anuncio

A Ilma. Tenenta de Alcalde-Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, en virtude de delegación por acordo 2/444 da Xunta de Goberno Local, do 27 de xuño de 2011, dictou o Decreto número 12008697, do 16 de outubro, polo que se aproba o padrón correspondente ó exercicio de 2012, do Imposto sobre actividades económicas.

Conforme ó disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, o padrón aprobado queda exposto ó público (no Servicio de Facenda Local, sito no Centro de Servicios Municipais da Ronda da Muralla, 197 2º andar, en horario de 9:30 a 13:30), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalo e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

En caso de no recepción o extravío dos recibos, se expedirán duplicados na Oficina de Facenda Local (IAE) do Centro de Servicios Municipais, sito na Rd Muralla, 197 2º, de luns a venres, en horario de 9:00 h a 14:00 h, mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar tal condición, a efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Caracter Persoal.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Ilmo. Tenente de Alcalde-Delegado da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 17 de outubro de 2012.- A Xunta de Goberno Local, P.D. A Tenenta de Alcalde Delegada da Área (Decreto 60 e 70/2011). Sonia Méndez García

R. 4300

MONFORTE DE LEMOS**Anuncio****BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR COMPLEMENTARIO CURSO 2012/2013**

As presentes bases rexerán a convocatoria de concesión de axudas para libros de texto e material escolar complementario do alumnado empadroadado e escolarizado en Monforte de Lemos nos seguintes cursos:

- Infantil (3, 4 e 5 anos).
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario durante o ano lectivo 2012/2013 destinadas ao alumnado empadroadado na localidade e escolarizado nalgún dos cursos desta convocatoria e en centros do municipio.

As axudas irán destinadas ás familias con menor renda per cápita do municipio e serán compatibles con calquera outra que perciban polo mesmo concepto.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria o pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e custodia de alumnos e alumnas que no ano escolar da convocatoria correspondente vaian a cursar estudos nos cursos das etapas educativas de ensinanza indicadas nesta orde, en calquera centro docente do Concello de Monforte de Lemos e que cumpran, ademais dos sinalados no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os seguintes requisitos:

1º Que a renda per cápita da unidade familiar non exceda a metade da cantidade establecida polo IPREM para o ano 2012 (266,26 €/mes) en cómputo anual.

2º Estar empadronados no Concello de Monforte de Lemos a persoa solicitante así como o menor beneficiario da mesma.

3º Estar matriculados/as en calquera centro público ou concertado do termo municipal de Monforte de Lemos

4º Estar ó día no pago das obrigas tributarias municipais.

5º Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Monforte.

3. RENDA PER CÁPITA

Os efectos destas bases reguladoras, enténdese por renda per cápita familiar, a renda anual dividida entre o número de membros computables da unidade familiar.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteña ingresos de calquera natureza, calculadas segundo a Declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio 2011, ou no seu defecto, Certificación negativa da mesma.

Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non teñan presentada a declaración polo Imposto sobre a Renda das persoas Físicas a situación acreditarase a través das seguintes formas:

- En activo: Tres últimas nóminas correspondentes ao ano 2012 e Certificación de empresa 2011.
- Parados: Certificación de prestacións do INEM e da Seguridade Social.
- Pensionistas: Xustificación da pensión polo organismo competente.
- Emigrantes: Ingresos percibidos no ano 2011 no país de orixe.

4. DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Para os efectos previstos nesta convocatoria considérase que conforman a unidade familiar:

Nai, pai e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no mesmo domicilio. No caso de cambio das circunstancias conxugais, considerarase como membro computable o/a novo/a cónxuxe ou parella.

Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos/as que convivan con eles e que reúnan os requisitos establecidos no apartado anterior.

5. CONTÍA E LÍMITE DAS AXUDAS

As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que só poderá concederse unha axuda no mesmo ano para o mesmo concepto.

O importe de cada unha das axudas será de:

- 100 € para Educación Infantil por cada alumno.
- 120 € para Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria por cada alumno.

O importe anterior reducirase en proporción ás solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos recollidos no punto 2, así como coas puntuacións obtidas segundo os criterios de baremación do punto 9.º

6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 10.000 euros que se imputará á aplicación 230.480.02 do orzamento de gastos do ano 2012.

7. SOLICITUDES

A Concellería de Benestar Social facilitará o impreso de solicitude nas Oficinas dos Servizos Sociais Municipais sito no Edificio da Praza de Abastos Rúa Ricardo s/n e no Rexistro Xeral do Concello sito en Campo de San Antonio s/n.

A documentación que deberán achegar xunto coa solicitude será a seguinte:

- Fotocopia do D.N.I. ou pasaporte ou documento equivalente do/da solicitante.
- Fotocopia do Libro de familia e Título de Familia Numerosa de ser o caso.
- Certificado de convivencia no que o menor/es figure/n empadroados coa persoa solicitante.
- Certificado de matrícula do centro educativo do municipio onde o/a alumno/a se atopan matriculados/(ANEXO II).
 - No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá presentarse: certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% ou resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos de total, absoluta e gran invalidez ou documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
 - No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar documentación acreditativa.
 - Declaración de ingresos de tódolos membros da unidade familiar maiores de 18 anos que convivan no domicilio:
 - En activo: -Tres últimas nómina correspondentes ó ano 2012.
-Certificación de empresa do ano 2011.
 - Desempregados: Certificación do INEM conforme percibe ou non prestación por desemprego e da Seguridade Social conforme percibe ou non algún tipo de prestación.
 - Pensionistas: Xustificación da pensión polo organismo competente.
 - Emigrantes retornados: Ingresos percibidos no ano 2011 no país de orixe.
 - De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade do matrimonio ou medidas paterno filiais respecto ó/á menor, xunto co convenio regulador ou, en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
 - Declaración da Renda do ano 2011 ou Certificado negativo no caso de non estar obrigado a presentala.
 - En caso de adopción, acollemento ou tutela, documento acreditativo emitido polo órgano competente.
 - Certificación bancaria do número de conta no que a persoa solicitante figura como titular aos efectos de realizar o ingreso do importe subvencionado.
 - Acreditación da realización do gasto** coas correspondentes facturas (ou documentos acreditativos do gastos substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real decreto 1496/2003 representativos dos gastos realizados), sendo obrigada a relación entre a actividade e o material adquirido. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:
 - O nome, a razón social e o NIF ou o CIF de quen emite a factura.
 - A desagregación do IVE ou do imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
 - O nome, o enderezo e o NIF ou o CIF do beneficiario da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.
 - Unha relación detallada do que se adquiriu.
 - O número de factura, a data e o lugar de emisión e a denominación de "factura".
 - Deberase acreditar debidamente o pago da factura mediante o estampillado pola entidade emisora.

8. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E XUSTIFICACIÓN

A instancia coa documentación solicitada presentase no Rexistro Xeral do Concello, Campo de San Antonio s/n, C.P. 27400, Monforte de Lemos, Lugo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Asimesmo as solicitudes tamén poderán ser entregadas nas Oficinas dos Servizos Sociais Municipais situadas no Edificio da Praza de Abastos, rúa Ricardo Quiroga s/n.

O prazo de presentación será de 15 días hábiles dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. As bases e os seus anexos estarán a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello ou nas dependencias dos Servizos Sociais Municipais.

Xunto ca solicitude deberá presentarse a documentación xustificativa da axuda (Factura detallada xustificativa do gasto realizado, emitida a nome da persoa solicitante conforme ó establecido no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación).

Se as solicitudes presentadas non reunisen os requisitos sinalados, requirirase ós/ás interesados/as para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.

9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS E A SÚA PONDERACIÓN

Para a concesión das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Familia monoparental debidamente acreditada: 2 puntos
- As familias numerosas valorarase con
 - Familias con 3 fillos/as: 2 puntos
 - Familias con mais de 3 fillos/as: 4 puntos
 - Por cada un dos membros da unidade familiar cunha discapacidade recoñecida: 2 puntos
 - Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas: 2 puntos.
 - Número de membros da unidade familiar que se atope en situación de desemprego:
 - Un membro en situación de desemprego: 2 puntos
 - Dous ou mais membros en situación de desemprego: 5 puntos
 - Nivel de renda per cápita familiar inferior á contía establecida: 5 puntos

Unha vez realizada a valoración o importe da subvención será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes:

De 0 a 5 ptos.....50% do importe previsto para cada axuda por alumno e nivel educativo.

De 6 a 14 ptos..... 75% do importe previsto para cada axuda por alumno e nivel educativo.

Maior de 15 ptos.....100% do importe previsto para cada axuda por alumno e nivel educativo.

10. VALORACIÓN DE SOLICITUDES, ÓRGANO INSTRUCTOR.

Na Concellería de Benestar Social formarase unha Comisión de valoración composta pola Concelleira, dúas técnicas dos servizos sociais comunitarios e un/unha técnico/a do servizo de Intervención, que terá como función a emisión dun informe no que se concrete o resultado da valoración das solicitudes de axudas presentadas.

Esta Comisión será a encargada de valorar as solicitudes e de elaborar unha proposta de resolución que será elevada ó órgano competente para a adxudicación das axudas.

11. RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da resolución definitiva, resolverá o procedemento.

12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As xerais recollidas no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da **Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións**, e as seguintes:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude.

13. FORMA E PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS.

O pago realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no certificado bancario presentado coa solicitude unha vez sexa xustificado o gasto conforme ó establecido no punto 14, e en función da dispoñibilidade da Tesourería Municipal.

14. REINTEGRO DE SUBVENCIONS

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamente a concesión da axuda

c) Incumplimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.

15. RECURSOS

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, sen perxucio de calquer outro recurso que estime procedente.

16. DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nas presentes bases estarase ó disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipal e, de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006, de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ANEXO I

ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR AÑO 2012/2013		SOLICITUDE	Nº EXPEDIENTE
DATOS DO/DA SOLICITANTE			
APELIDOS E NOME		DNI	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TÉLEFONO	
EXPÓN: Que, en calidade de pai/nai, titor legal ou representante legal, solicita unha axuda para a adquisición de material escolar para:			
NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	CURSO	
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:			

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS, EXERCICIO 2012.

O Concello de Monforte de Lemos preténdese apoiar e incentivar as actividades desenvolvidas por Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro no Municipio de Monforte de Lemos e que se atopen inscritas no rexistro de asociacións.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para realizar programas, proxectos ou actividades culturais de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

En concreto a finalidade das axudas será contribuír á financiación de programas, proxectos ou actividades culturais levadas a cabo por Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro no Concello de Monforte de Lemos.

Non serán subvencionables gastos de funcionamento interno, reforma e acondicionamento de locais, vestiario, actividades con ánimo de lucro, calquera actividade relacionada co proxecto presentado pero que non se inclúa no mesmo nin enseres nin publicacións de carácter interno. Así mesmo quedan excluídas desta convocatoria as axudas a festas patronais, comidas e eventos relixiosos.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións legalmente constituídas que desenvolvan actividades de interese xeral para o municipio, xa sexan de carácter cultural, veciñal, popular, profesional, lúdico ou recreativo, que tendo domicilio social, sede ou representación no Concello de Monforte de Lemos cumpran, ademais dos sinalados no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os seguintes requisitos:

- a) Carecer de ánimo de lucro.
- b) Estar debidamente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Monforte de Lemo na data de publicación no BOP da presente Convocatoria.
- c) Non ser debedor do Concello por calquera tipo de débeda de dereito público.
- d) Ter xustificado debidamente as subvencións municipais recibidas con anterioridade nos termos que se fixaran nas correspondentes convocatorias.

Quedan excluídas as Asociacións e Entidades Deportivas.

3.- CONTÍA E LIMITES DAS SUBVENCIÓNS.

O importe de cada subvención non poderá superar os 1.000 euros, nin o 70% do investimento subvencionable. As axudas reguladas na presente bases terán carácter único e non acumulativo.

En ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras Administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá superar o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

4.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 9.500,00 euros que se imputará a aplicación 330.480.01 do Orzamento municipal do ano 2012.

5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

Os interesados deberán presentar solicitude de acordo cos modelos normalizados.

A solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Solicitude segundo **anexo I** das presentes bases.
2. Fotocopia compulsada do NIF en vigor da persoa física que actúen en representación adxunto o **Anexo II**.
3. Memoria explicativa detallada do programa de actividades realizadas ou que se pretende realizar durante o 2012 para a que se solicita a subvención, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinaran os fondos, de acordo co baremo que figura no artigo 7 destas bases. **Anexo III**.
4. Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados. **Anexo IV**.
5. Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria. **Anexo V**.
6. Declaración responsable da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados. **Anexo VI**.
7. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario. **Anexo VII**.
8. Declaración responsable de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin a Seguridade Social. **Anexo VII**.

O Concello comprobará de oficio a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa Facenda Municipal.

No caso de que a actividade se atope realizada ademais da documentación sinalada no apartado anterior deberán presentar a documentación xustificativa da mesma de acordo co seguinte:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

1. Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo no exercicio 2012. (**Anexo VIII**)
2. Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa acompañadas do **Anexo(IX)**. As facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento.
 - a. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario. En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pago das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados .
3. Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (**Anexo IX**).
4. Relación desagregada de cada un dos gastos realizados e ingresos percibidos con motivo da actividade subvencionada (**Anexo X**).
5. Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas. (**Anexo X**).
6. Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

A instancia coa restante documentación solicitando a subvención, presentarase no Rexistro Xeral do Concello, Campo se San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de aprobación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requiríraselles ós interesados para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo terásele por desistido da súa solicitude.

7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS E A SÚA PONDERACIÓN.

A subvención ten carácter voluntario e polo tanto non existe obriga de conceder as axudas a todas as solicitudes que se presenten e cumpran as bases desta convocatoria.

a) Os criterios de valoración para determinar a subvención e fixación da súa contía, serán os seguintes:

TIPO DE ACTIVIDADE	7 puntos máximo.	
NUMERO DE PARTICIPANTES	5 puntos máximo.	
REPERCUSIÓN SOCIAL	4 puntos máximo	
TIPO DE ACTIVIDADE	7 puntos máximo	
Exposicións, certámenes, exhibicións, concursos e conferencias	7 puntos fixos	
Saídas e excursións	7 puntos fixos	
Talleres e formación	Periodicidade	
	0-20 horas	5 puntos
	21-50	6 puntos
	Mais 50 horas	7 puntos
Actuacións, teatro, danza, concertos	7 puntos fixos	
Gastos de Xestión, Funcionamento, (Telefono, papelería, internet, material funxible)	7 puntos fixos	
Actividades de difusión e comunicación	7 puntos fixos	

NÚMERO DE PARTICIPANTE	5 puntos máximo
Ata 25 participantes	1 punto máximo
De 26 a 50 participantes	2 punto máximo
De 51 a 100 participantes	3 punto máximo
De 101 a 500 participantes	4 punto máximo
Mais de 500 participantes	5 punto máximo
REPERCUSIÓN SOCIAL	4 puntos máximo
Actividades para todo o público	4 puntos máximo
Actividades con prazas limitadas	2 punto máximo
Actividades solo para socios	1 punto máximo

b) O cálculo da subvención basearase no valor punto que será o resultado de dividir o importe total do proxecto subvencionable (custe do proxecto menos os ingresos previstos) entre a puntuación máxima que se pode obter (16 puntos).

No caso de que exista remanente poderase incrementar o importe das subvencións, sen superar o importe máximo subvencionable, de forma proporcional ata esgotar a aplicación orzamentaria correspondente.

No caso de que o importe resultante da asignación de puntuación resulte superior o establecido como máximo no orzamento municipal para 2012 o importe das subvencións reducirase proporcionalmente.

8.- INSTRUCIÓN.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelles ós servizos administrativos da Concellaría de Cultura, que realizarán, de oficio, cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de Valoración.

9.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Estará formada pola Concelleira de Cultura, un traballador do Departamento de Cultura e un funcionario do servizo de Intervención do Concello e terá como función a emisión dun informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

10.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterà, ademais, do solicitante ou relación de solicitantes ós que se lles concede a subvención a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de un mes a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

Transcorrido o referido prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

O vencemento do prazo sen ter notificado a resolución, lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvencións.

11.-ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitará canta información lle sexa requirida.

12.- RECURSOS.

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, si o acto foi expreso ou de tres meses se o acto é presunto, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e na Lei Xeral de Subvencións (artigos 10 e 14 respectivamente).

14.-FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados no punto 15 destas bases.

Non poderá realizarse o pago da subvención mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

15.- XUSTIFICACIÓN.

A xustificación da actividade realizarase antes do día **10 de decembro de 2012**, en calquera caso aqueles solicitantes que a data de publicación das presentes bases teñan realizadas as actividades obxecto de subvención poderán presentar a xustificación da subvención xunto coa solicitude.

1. Para poder percibir as subvencións concedidas, os beneficiarios presentarán a documentación xustificativa indicada no seguinte punto, no Rexistro do Concello, mediante unha instancia dirixida ó Alcalde, coa data límite do **10 de decembro de 2012**.

2. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

a) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo no exercicio 2012.(Anexo VIII)

b) Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa acompañadas do Anexo(IX). As facturas deberan estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento.

a. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario.En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pago das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados .

- c) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (Anexo IX).
- d) Relación desagregada de cada un dos gastos realizados e ingresos percibidos con motivo da actividade subvencionada (Anexo X).
- e) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas. (Anexo X).
- f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

16.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que se impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran ó obxecto da subvención.
- f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

17.- NORMAS XERAIS DAS FACTURAS.

Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturar, que son os seguintes:

- a. Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura.
- b. Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal, e domicilio de quen a expide e do destinatario.
- c. Descrición e data de realización da operación e a súa contraprestación total. Desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable (non se admitirán facturas co I.V.E. incluído)
- d. Lugar e data de emisión.

2.- Nos pagos realizados a profesionais por servizos prestados (charlas, conferencias, colaboracións, etc) deberá constar ademais na factura emitida ao efecto, a retención realizada en concepto de IRPF que deberá ser ingresada en Facenda.

3.- As facturas deberán estar datadas no ano no que se concedeu a subvención.

4.- Si se está exento de IVE, engadir na factura: EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTICULO QUE CORRESPONDA SEGUNDO Os SUPUESTOS DA LEI 37/1992, DE 28 DE DICIEMBRE, DO IVE.

18.- DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ó disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro de, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS NO EJERCICIO 2012.

Dende o Concello de Monforte de Lemos preténdese apoiar e incentivar a realización de festexos populares nas parroquias e barrios do Municipio.

1.- OBJETO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para realizar festas populares nos barrios e parroquias do Concello de Monforte.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria tódalas parroquias e barrios do Concello de Monforte de Lemos que promovan festas populares, actuando como representantes os organizadores das mesmas que xustifiquen:

- e) Carácter tradicional dos actos para os que solicita a axuda.
- f) Non ser debedor do Concello por calquera tipo de débeda de dereito público.
- g) Declaración responsable na que consten as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.

h) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- CONTÍA E LIMITES DAS SUBVENCIONES.

A importe de cada subvención non poderá superar os 315,00 € no caso de festas parroquiais, e os 910,00 € no caso de barrios da cidade, en todo caso será proporcional o numero de solicitudes presentadas e aceptadas. As axudas reguladas na presente bases terán carácter único e non acumulativo.

O importe máximo a subvencionar será de 11.830,00€, importe consignado na aplicación 330.480.00 do orzamento municipal para o exercicio 2012.

En ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras Administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá superar o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

4.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 11.830,00 euros que se imputará á aplicación 330.48000 do Orzamento municipal do ano 2012.

5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

Os interesados deberán presentar solicitude de acordo co modelo normalizado que figura como **anexo I** das presentes bases.

A solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF no caso de persoas xurídicas e do NIF no caso de persoas físicas., de tódolos membros da comisión organizadora .
- b) Memoria explicativa detallada do programa de actividades realizado ou que se pretende realizar, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinaran os fondos.
- c) Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria.
- d) Declaración responsable da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.
- e) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- f) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin a Seguridade Social.
- g) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención.

No caso de que as actividades xa se realizasen, xunto ca documentación relacionada no apartado anterior deberán presentar a seguinte documentación:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa(ANEXO II e III).

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

- a) Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa, as facturas deberan estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario.

En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pago das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados(ANEXO III).

- b) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (ANEXO II).
- c) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

A instancia coa restante documentación solicitando a subvención, presentarase no Rexistro Xeral do Concello, Campo se San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de aprobación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requirirase ós interesados para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS E A SÚA PONDERACIÓN.

Serán subvencionable os gastos derivados do fomento de actividades e programas relacionados cas festividades locais.

No caso de que o proxecto se adecúe a finalidade da subvención percibiranse as seguintes cantidades:

Festa nas Parroquias: 315,00 €.

Festas en Barrios: 910,00 €.

No caso de que o numero de solicitudes sexa superior o importe establecido coma máximo, reduciranse proporcionalmente.

8.- INSTRUCCIÓN.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ós servizos administrativos da Concellaría de Cultura, que realizarán, de oficio, cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de Valoración.

9.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Estará formada pola Concelleira de Cultura, un técnico do servizo de cultura e e un funcionario do servizo de Intervención do Concello e terá como función a emisión dun informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

10.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, a vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterà, ademais, do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de un mes a contar dende o remate do prazo establecido para presenta-la solicitudes.

Transcorrido o referido prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

O vencemento do prazo sen ter notificado a resolución, lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvencións.

Contra o acordo de concesión ou desestimación recurso de reposición con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación. Se o recurso de reposición se resolvese expresamente, poderán interpor recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación ou publicación de dita resolución e se non fora resolto expresamente, o prazo de interposición ante dito Xulgado será de seis meses dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado (art. 46.1 da Lei 29/98 en relación co 117.2 da Lei 30/92).

11.-ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitará canta información lle sexa requirida.

12.- RECURSOS.

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, si o acto foi expreso ou de tres meses si o acto presunto, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e na Lei Xeral de Subvencións (artigos 10 e 14 respectivamente).

14.-FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados no punto 15 destas bases.

Non poderá realizarse o pago da subvención mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

15.- XUSTIFICACIÓN.

O prazo de presentacións da xustificación rematará o **10 de decembro de 2012**, sendo necesario xustificar cando menos o importe da subvención concedida, en caso de que o importe xustificativo sexa menor a subvención reducirase proporcionalmente.

3. Para poder percibir as subvencións concedidas, os beneficiarios presentarán a documentación xustificativa indicada no seguinte punto, no Rexistro do Concello, mediante unha instancia dirixida ó Alcalde (ANEXO II, III), coa data límite do **10 de decembro de 2012**.

4. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa(ANEXO II e III). A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

d) Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa, as facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario.

En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pago das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados(ANEXO III).

e) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (ANEXO II).

f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

16.- REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedian.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.

e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.

f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

17.- NORMAS XERAIS DAS FACTURAS.

Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturar, que son os seguintes:

a. Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura.

b. Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal, e domicilio de quen a expide e do destinatario.

c. Descrición e data de realización da operación e a súa contraprestación total. Desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable (non se admitirán facturas co I.V.A. incluído)

d. Lugar e data de emisión.

2.- Nos pagos realizados a profesionais por servizos prestados (charlas, conferencias, colaboracións, etc?) deberá constar ademais na factura emitida ao efecto, a retención realizada en concepto de IRPF que deberá ser ingresada en Facenda.

3.- As facturas deberán estar datadas no ano no que se concedeu a subvención.

4.- Si se está exento de IVE, engadir na factura: EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTIGO QUE CORRESPONDA SEGUNDO Os SUPOSTOS DA LEI 37/1992, DE 28 DE DECEMBRO, DO IVE.

18.- DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ó disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro de, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

ANEXO ISOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS E DE BARRIOS DA CIDADE.

Don _____ con D.N.I. _____ en representación da comisión de festas da parroquia de _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____ e telefono de contacto _____.

DEMÁIS MEMBROS DA COMISIÓN DE FESTAS

D.N.I	Nome e Apelidos

SOLICITA unha subvención por importe de _____ € para a celebración da festa da parroquia/barrio de _____ de acordo coa correspondente convocatoria de subvencións do ano 2012.

DECLARA:

- que son certos cantos datos figuran nesta solicitude e na documentación que se adxunta,
- que o solicitante non concorre ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas establecidas no artigo 13 da Lei Xeneral de Subvencións,
- non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin a Seguridade Social.
- ter solicitado e/ou recibido as seguintes subvencións e/ou axudas para a mesma finalidade:

- Contía: _____ €
- Organismo/s: _____

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:

- Fotocopia compulsada do CIF no caso de persoas xurídicas e do NIF no caso de persoas físicas (**de todas as persoas compoñentes da Comisión de festas de selo caso**).
- **Datos bancarios** da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente **certificada pola entidade bancaria**.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

ANEXO II.**(A presentar coa xustificación da subvención)****CERTIFICACIÓN DE REALIZACIÓN DAS FESTAS SUBVENCIONADAS**

D./^a, como representante da entidade/comisión/parroquia ou barrio, CERTIFICA que:

1. As festas que a continuación se relacionan foron subvencionados polo Concello de Monforte de Lemos na convocatoria de subvencións para o exercicio 2012 e realizáronse de conformidade co establecido nas bases da mesma e no Proxecto presentado ao efecto.

2. Que para o desenvolvemento deses programas SI/NON (táchese o que non proceda) obtivéronse subvencións doutras Administracións Públicas, entes públicos ou privados, nacionais e internacionais.

5. **(En caso afirmativo)** Que as subvencións obtidas doutras Administracións Públicas, entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, para os programas subvencionados polo Concello de Monforte de Lemos, foron polos importes que se indican:

PROGRAMA	ACTIVIDADE	IMPORTE
TOTAL OUTRAS SUBVENCIONS OBTIDAS		

4. Breve descripción das actividades realizadas con motivo das festas subvencionadas.

5. Non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin a Seguridade Social.

(A entidade comprométese a achegar cuantos documentos sexan requiridos polo Concello para a verificación do exposto, así como cantas inspeccións considere oportuno realizar)

En Monforte, a de de 2012.-

O/a representante legal da entidade,

Asdo.-:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

ANEXO III.**(A presentar coa xustificación)****MODELO DA XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA**

Cumprimentarase unha relación de xustificantes para cada un dos programas subvencionados. A cada xustificante de gasto a entidade asignaráselle un número de orde, que será o mesmo co que figure relacionado no modelo seguinte.

FESTAS SUBVENCIONADAS:

RELACIÓN DE XUSTIFICANTES

Nº de orde	Proveedor	CIF/NIF Proveedor	Nº factura	Importe (*)
TOTAL IMPORTE XUSTIFICADO				

(*) Unicamente deberá reflectirse o importe imputable á subvención.

D/D^a. _____
 como representante da entidade, certifica a veracidade de todos os datos reflectidos na presente Memoria.

En Monforte, a ___ de _____ de 2012.

Asdo:

Monforte de Lemos, a 19 de outubro do 2012.- O ALCALDE

R. 4345

RIBADEO

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 19 de setembro de 2012 o Padrón para o cobro dos tributos correspondentes por caixeiros automáticos e máquinas expendedoras de produtos, para o presente ano 2012, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria durante o período de 2 meses dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Ribadeo, 16 de outubro de 2012.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. O SECRETARIO ACCTAL, FIDEL MAAÑÓN LÓPEZ.

R. 4325

O VALADOURO

Anuncio

Por acordo do Pleno da Corporación adoptado na súa sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2012 procedeuse a prestar aprobación á aceptación da delegación do Concello de Alfoz no Concello de O Valadouro para a contratación conxunta do servizo de realización de actividades extraescolares co seguinte contido:

Primeiro. Aceptar a delegación efectuada polo Concello de Alfoz no Concello de O Valadouro para a contratación do servizo de realización de actividades extraescolares dos Concellos de Alfoz e o Valadouro.

A delegación alcanza a todos os actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, de tal forma que os respectivos contratos de servizos formalizaranse entre a empresa adxudicataria e cada un dos concellos integrantes da contratación.

Segundo. O Concello de Alfoz obrígase a formalizar o contrato coa empresa que resulte adxudicataria da contratación efectuada polo Concello de O Valadouro nos termos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e ao cumprimento estricto de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se derivan.

